

JACK LONDON

Asasinos, S. L.

Traducido por Iago Nicolás Ballesteros



Hugin e Munin

1

Era un home ben parecido, con ollos grandes dun negro acuoso, cute olivácea, perfecta, limpa, dunha textura extremadamente suave, e cunha cabeleira escura e rizada que convidaba ao aloumiño; en poucas palabras, o tipo de home que lles gusta admirar ás mulleres e que, así mesmo, é ben consciente desta calidade insinuante da súa aparencia. De cintura estreita, musculado e largo de ombreiros, transmitía certa desvergoñada xactancia masculina que logo quedaría desmentida pola suspicacia coa que ollou o cuarto e mais o criado que o acompañara até alí. O home era xordomudo, un detalle que, de non sabelo xa grazas á descrición que lle fixera Lanigan dunha visita previa a ese mesmo apartamento, sen dúbida adiviñaría.

Coa porta xa pecha despois de marchar o criado, o visitante apenas contivo un arrepío. Con todo, nada había naquela estancia que xustificase semellante reacción. Era un cuarto tranquilo e digno, forrado de andeis repletos de libros, con algún gravado aquí e acolá e, nun recuncho, un moble clasificador para mapas. Abeirada á parede había tamén outro clasificador meirande, cheo de horarios de trens e folletos de compañías navieiras. Entre as xanelas, un escritorio de gran tamaño e taboleiro plano no que se albiscaba un teléfono e sobre o que, nunha prolongación, parecía encontrarse suspendida unha máquina de

escribir. Todo estaba ordenado con escrupulosidade, síntoma do xenio que presidía o lugar e que non era senón o espírito da sistematización.

Os libros atraeron o home que agardaba, quen percorreu os andeis con ollo experto para, ringleira tras ringleira, lerlles os títulos. Tampouco non había motivos para o arreguizo naqueles volumes encadernados con probada pericia. Interesouse, sobre todo, polos dramas en prosa de Ibsen, así como por varias novelas e pezas teatrais de Shaw; reparou nas edicións de luxo de Wilde, Smollett, Fielding, Sterne e en *As mil e unha noites*; en *A evolución da propiedade*, de Lafargue; no *Manual de marxismo*; nos *Ensaio fabianos*; na *Supremacía económica*, de Brooks; en *Bismarck e o socialismo do Estado*, de Dawson; en *A orixe da familia*, de Engels; en *Os Estados Unidos en Oriente*, de Connat, e na obra *O movemento sindical*, de John Mitchell. Alén diso, e na lingua orixinal, achábanse as obras de Tolstoi, Gorki, Turguénev, Andréiev, Goncharov e Dostoiévski.

O home dirixiuse logo cara a unha mesa cuberta por moreas de revistas e outras publicacións de actualidade, ordenadas todas elas con esmero, encol da cal, nun recanto, descansaba tamén unha ducia de novelas recentes. Achegou a ela unha cadeira de brazos, estarricou as pernas, acendeu un cigarro e botoulles unha ollada aos libros. Un deles, un volume fino encadernado en vermello, chamoulle a atención. Na cuberta víase unha muller cunha certa expresión provocativa. Colleuno e leu o título: *Catro semanas: un libro escandaloso*. Cando o abriu, produciuse entre as pastas unha leve pero estridente explosión, acompañada dun chispazo e dunha bafarada de fume. Ao momento, o home comezou a tremer, aterrORIZADO. Caeu cara a atrás e afundiuse na cadeira, cos brazos

